

Reunión inicial coas familias.

Curso 2020/2021.

1. Presentación das mestras titoras e profesorado do nivel.

- . Apoios Estela Iglesias Cortés.
- . 4º de Educación Infantil Gr. ASandra Busto Iglesias.
- . 4º de Educación Infantil Gr. BEva Oliveira da Silva.
- . 5º de Educación Infantil Gr. A.....María José Rigüela Vilar.
- . 6º de Educación Infantill Gr. AEva Hermida Rodríguez.

Especialistas.

- . Relixión Vanesa Vargas González.
- . L. Estranxeira Inglés.....Laura
- . MúsicaIria García

2. Obxectivos xerais do ciclo.

Coa nova situación sanitaria a realidade da escola e a aula vai sufrir variacións e precisamos poñer o mellor de cada un de nós para facer que a escola sexa un entorno o mais seguro posible pero tamén un lugar onde desenvolvernos, relacionarnos, divertirnos e tantas cousas que non poden faltar na vida dun neno ou nena.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de

expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.

i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Obxectivo Fundamental: estimular o desenvolvemento global de tódalas capacidades dos cativos: físicas, afectivas, sociais e cognitivas.

3. A aprendizaxe no 2º ciclo de Educación Infantil.

. Áreas.

. O xogo actividade fundamental.

. Traballo por proxectos. “ A volta ao Mundo “

. A aprendizaxe cooperativa-colaborativa.

. Talleres: arte , matemáticas manipulativas, estimulación da linguaxe...

. Traballo das habilidades de pensamento.

. Saídas didácticas:este ano debido á situación sanitaria por mor do Covid-19 vémonos na obriga de restrinxir as saídas escolares.

4. Organizámonos:

O calendario escolar para o curso 2020-2021 está recollido na páxina web do centro.

. As vacacións de Nadal abranguerán dende o día 23 de decembro ata o 7 de xaneiro, ámbolos dous inclusive.

. As vacacións de Entroido serán os días 15,16,17 de febreiro.

. As vacacións de Semana Santa van dende o día 29 de Marzo ata o 5 de abril, ámbolos dous inclusive.

. Será día non lectivo o 7 de decembro “Día do Ensino”.

. Serán festivos nacionais e autonómicos o 12 de outubro, o 8 de Decembro, 19 de marzo, e 17 de Maio .

. Así mesmo hai dous días non lectivos que serán o 8 de xaneiro e o 18 de maio pendentos de ser acordados polo Consello Escolar do Centro e aprobados pola Xefatura Territorial da Consellería de Educación.

Horarios.

.De centro: de setembro a xuño de **8:45 a 13:45 h.**

.De titoría: cada titora facilitará o horario dispoñible para este fin, este ano salvo casos moi excepcionais serán vía telefónica ou telemática .

.De secretaría de **9:00 a 9:45.**

5. Normas xerais :

- ✓ Servizos complementarios.

Aula Matinal: Este curso non está contemplado a aula de madrugadores xestionada pola ANPA

Transporte: Custodiados en todo momento tanto na chegada como na saída polo profesorado do centro

Saída: a persoa que teña clase na última sesión acompañará ao alumnado transportado ata o patio de aseos (zona do portalón), onde serán entregados ás monitoras do transporte escolar.

Os cambios serán comunicados á Clara e que se efectuarán antes das 10 da mañán de cada día a ser posible

Durante o período de adaptación o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil non fará uso do transporte escolar nin comedor.

No caso de calquera modificación comunicalo en secretaría en horario de 9:00 a 9:45 nunca a través do neno nena .

Os cambios dos usuarios de comedor deberán ser comunicados tamén ao concello para evitar o cobro dese día .

- ✓ A puntualidade é importante nas chegadas e recollidas

Entrada escalonada:

- O alumnado transportado accederá pola porta corredeira e serán acompañados ao patio inferior, farán grupos de 10 coa separación pertinete e subirán ás aulas correspondentes.
- Entre as 9:00 e as 9:10, o alumnado que ven acompañado (un so familiar, preferiblemente non avós) accederá ao centro polo portal pequeno, os mestres encargados acompañaran e farán grupos de 10 no patio inferior coa separación pertinete e subiraos ás aulas correspondentes.

En todo momento estarán custodiados por profesorado, en caso de ter fillos ou fillas en diferentes nivéi , comunicalo en secretaría.

No caso de chegar mais tarde desta hora accederán pola porta principal.

Saída escalonada :

- O alumnado transportado será recollido na súa aula por dúas mestras ás 13:45, baixarán acompañados ata o patio inferior, onde serán recollidos polas coidadoras de servizo de transporte.
- O alumnado do comedor será recollido polas coidadoras ás 13:45h na aula correspondente. O alumnado de Educación Infantil comerá nunha das aulas destinada para tal fin. Nesta aula non se impartirán clases, este curso será

- utilizada unicamente como comedor.
- O alumnado non transportado será recollido polas familias ás 13:45 h na porta da súa aula (importante puntualidade e rapidez para evitar aglomeracións)
- Recollida do alumno: no caso de que nalgún momento precisemos doutra persoa para facer a recollida do neno ou nena cubrirase unha autorización ao principio de curso axuntando DNI.
- ✓ No caso de divorcio ou cambio en calquera das situacións familiares e persoais achegar sentenza, convenios reguladores, entregar en secretaría figurará no expediente.
- ✓ Regularidade na asistencia. Notificar faltas (abalar móbil).
- ✓ A mestra debe coñecer a persoa que recolle ó neno ou nena se vai vir outra persoa, avisalo con antelación. No caso de que quen vaia recollelo sexa outra persoa distinta á habitual, deberán cubrir unha autorización e axuntar os DNI, toda esta información e documentación achegarase a secretaría.
(Solo entregamos ao alumnado a titores legais a menos que teñamos autorización escrita autorizando a outra persoa...as xuntanzas co profesorado solo poden acudir os titores legais do alumnado,....)
- ✓ No caso de enfermidade non virán á escola
 - Protocolo covid revisar documento na páx web do centro.
 - Piollos, enfermidades infecto-contaxiosas , alerxias, intolerancias , debes informar ao centro(programa Alerta Escolar)
 - Medicacións: non mandar medicacións na mochila do alumnado, no caso de que sexa necesario suminístrala dentro do horario escolar podería facelo unha persoa responsable autorizada . No caso de estar incluído no programa Alerta Escolar concretarase na entrevista oportuna.
- ✓ A autonomía é un obxectivo: non tirantes, cintos, roupa cómoda. Control de esfínteres. Non cueiros.
- ✓ Psicomotricidade, zapatillas con Velcro e chándal .
- ✓ A alimentación e a saúde preocúpanos: merenda adecuada e na xusta medida (bolsiña con friameira evitar papel aluminio). Botella ou termo non desbotable non vasos. Co nome.
Horarios de sono e comidas. Importancia
- ✓ Tema dos aniversarios: debido á situación actual non se celebrarán.
- ✓ Fotos; lei de protección de datos.
- ✓ Falar coa mestra no caso dalgún problema ou dúbida. No caso de detectar algunha problemática no fogar : rutinas de sono, celos, cambios de conducta, alimentación, contamos co Departamento de Orientación do centro.

Biblioteca de pais/nais.

- ✓ Biblioteca do centro. Mochilas viaxeira. Cambios en función da actual circunstancia sanitaria

- ✓ Asemblea:

As diferentes rutinas da asemblea realizaranse partindo dos proxectores para evitar materiais manipulables e os nenos e nenas permanecerán nas suas mesas por grupos colaborativos .

- ✓ Xogo por recantos:

Cada grupo-clase será considerada grupo estable de convivencia e estará dividido en grupos colaborativos de 4 ou 5 alumnos e alumnas (preferiblemente sempre os mesmos) , estes grupos irán rotando ao longo da semana pasando polos diferentes recantos da aula.

Os recantos serán os seguintes: casiña, tablets, mesa de luz, construcións, crebacabezas, biblioteca e arte.

Nun mesmo día, os grupo colaborativos, non poderán cambiar de recanto.

Reduciremos o número de elementos de cada recanto para facilitar a desinfección e cambiaremos ou introduciremos elementos en función da evolución ou demanda .

No caso do recanto de arte cada alumno ou alumna terá unha bolsa ou caixa coa súa foto e nome na que contará cunha bola de plastilina e útiles precisos (con nome)

No caso da biblioteca de aula contaremos cunha caixa con 7 ou 8 libros por grupo colaborativo, ao rematar a semana rotaremos as caixas.

- ✓ Traballo en mesa .

Alternaremos actividades por recantos con este tipo de actividades, cada grupo ou recanto terá un distanciamento físico de 1'5 metros respecto dos restantes grupos, non libros de texto.

Para este tipo de actividades cada neno ou nena contará co seu propio material, elaboraráse un listado que as familias deberán mercar e porlle nome (identificativo), gardarase nunha caixa con foto e nome .

- ✓ O patio de infantil estará dividido en 4 zonas delimitadas para garantir o xogo por grupos estables de convivencia.

Cada unha destas zonas estará dividida en tantos espazos como grupos colaborativos teña o grupo-clase cun distanciamento físico de 1'5 metros respecto dos restantes grupos.

Para facilitar o xogo, así como a permanencia dentro do grupo colaborativo cada clase contará con caixas con diferentes materiais . construcións, circuitos , animais, experiencias (bichos) , baile (poremos música) , nomearemos encargados dentro dos grupos colaborativos para sacar e voltar o material que estará en cada aula, así mesmo, estas caixas as empregaremos os días de chuvia .

Nos días de chuvia cando as condicións o permitan cada grupo clase terá asignada unha zona onde permanecerán coas condicións de distanciamento de 1,5 m entre grupos.

Con respecto ao emprego de zoa de areeiro , motos e tobogáns en función de como evolucione a situación consideraremos a conveniencia de introducilos paulatinamente .

- ✓ Bibliotecas de aula. contaremos cunha caixa con 7 ou 8 libros por grupo colaboraivo, cando se considere oportuno rotaremos as caixas.
- ✓ Avaliación inicial, continua e final. Informes trimestrais.
- ✓ As reunións este ano debido ás actuais circunstancias as reunións de titoría realizaránse telefónica ou telemáticamente.
- ✓ Consideramos que a implicación das familias na vida da escola é fundamental e procuramos involucrarvos nas diferentes propostas , mais este ano vai ser complicado, agardamos que todo isto vaia a mellor , pero buscaremos formas de estar en contacto e facervos partícipes das experiencias, proxectos e vivencias que vaian xurdindo ao longo do ano.



Por un bo curso 2020/2021.